



# BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 667

VIII legislatura

28 de marzo de 2012

Fascículo 4

## SUMARIO

(Versión electrónica en [www.parlamentodegalicia.es](http://www.parlamentodegalicia.es))

### 3. Procedementos de control e impulso

#### 3.6. Proposicións non de lei

##### 3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

##### 3.6.2.3. Proposicións aprobadas

- 08/PNC-2343 (76572)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis, e dous deputados máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para o impulso da tramitación do expediente ambiental da nova estación depuradora de augas residuais de Santiago de Compostela, así como a execución da mellora e ampliación da de Bertamiráns, en Sisalde, no concello de Ames [190055](#)

- 08/PNC-2347 (76714)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel

Sobre a articulación dun novo sistema de distribución entre as entidades benéficas, comedores sociais e cociñas económicas de Galicia do peixe e marisco comisado nas operacións contra o furtivismo, así como dos descartes procedentes das capturas que superaron os límites establecidos [190055](#)

##### 3.6.2.4. Proposicións rexeitadas

- 08/PNC-1574 (59360)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Sánchez Montenegro, Isabel

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto das deficiencias detectadas no funcionamento da rede de saneamento integral do concello de Noia proxectada e adxudicada no ano 1994 [190055](#)

- 08/PNC-2395(77641)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen, e tres deputados máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en  
relación coa proposta de ampliación da Rede Natura 2000

[190056](#)

- 08/PNC-2087(71083)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre a inclusión dos estudantes de ensinanzas artísticas superiores nas convocatorias de axudas complementarias ás achegadas pola Unión Europea no marco dos programas europeos de mobilidade universitaria

[190056](#)

- 08/PNC-2348(76719)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rego González, Ismael

Sobre a dotación dos medios materiais e humanos precisos ao Colexio de Educación Infantil e Primaria de Covas, no concello de

Viveiro, para garantir aos seus alumnos un ensino equitativo e de calidade

[190056](#)

- 08/PNC-2307 (75833)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad, e tres deputados máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa demora acumulada pola Consellería do Mar no pagamento de subvencións, axudas ou convenios con particulares e entidades do sector pesqueiro e marisqueiro

[190056](#)

## **5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos**

### **5.4 Consello de Contas de Galicia**

Recomendacións aprobadas relativas ao Plan anual de traballo do Consello de Contas para o ano 2012

[190056](#)

---

### 3. Procedementos de control e impulso

#### 3.6. Proposicións non de lei

##### 3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

##### 3.6.2.3. Proposicións aprobadas

A Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na reunión do 22 de marzo de 2012, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade con modificacións:

- 08/PNC-2343 (76572)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis, e dous deputados máis  
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para o impulso da tramitación do expediente ambiental da nova estación depuradora de augas residuais de Santiago de Compostela, así como a execución da mellora e ampliación da de Bertamiráns, en Sisalde, no concello de Ames

BOPG núm. 633, do 06.02.2012

O texto aprobado é o seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Acordar co Goberno central, coa máxima urxencia, o impulso do expediente da tramitación ambiental da nova EDAR de Santiago de Compostela na localización consensuada entre o Goberno galego e o Concello de Santiago de Compostela, co obxecto de mellorar o saneamento do río Sar, para o que se iniciará o procedemento de licitación no ano 2013, co fin de preservar o uso dos fondos comunitarios para o seu financiamento.

2.- Proceder á mellora e ampliación, coa máxima urxencia, da EDAR de Bertamiráns (Sisalde) no concello de Ames”.

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2012

Francisco Xulio Cerviño González

Vicepresidente 2.º

A Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo, na reunión do 23 de marzo de 2012, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación con modificacións:

- 08/PNC-2347 (76714)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel

Sobre a articulación dun novo sistema de distribución entre as entidades benéficas, comedores sociais e cociñas económicas de Galicia do peixe e marisco comisado nas operacións contra o furtivismo, así como dos descartes procedentes das capturas que superaron os límites establecidos  
BOPG núm. 637, do 10.02.2012

O texto aprobado é o seguinte:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1º.- Articular un novo sistema de distribución do peixe e marisco procedente dos comisos que teñen lugar nas operacións contra o furtivismo, de tal xeito que poidan ser aproveitados por un maior número de entidades benéficas, comedores sociais e cociñas económicas da nosa comunidade.

2º.- Diseñar, en colaboración coa Unión Europea, instrumentos legais e loxísticos que permitan que os descartes procedentes da frota galega, especialmente a do día, poidan ser distribuídos entre entidades sen ánimo de lucro que desenvolven a súa actividade no ámbito das políticas sociais.

3º.- Regular e deseñar protocolos de actuación que permitan a consecución destes fins de xeito áxil e sen custos adicionais para o sector pesqueiro.”

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2012

Francisco Xulio Cerviño González

Vicepresidente 2.º

##### 3.6.2.4. Proposicións rexeitadas

A Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na reunión do 22 de marzo de 2012, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 08/PNC-1574 (59360)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Sánchez Montenegro, Isabel

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto das deficiencias detectadas no funcionamento da rede de saneamento integral do concello de Noia proxectada e adxudicada no ano 1994

BOPG núm. 416, do 23.02.2011

- 08/PNC-2395(77641)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen, e tres deputados máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa proposta de ampliación da Rede Natura 2000

BOPG núm. 641, do 16.02.2012

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2012

Francisco Xulio Cerviño González

Vicepresidente 2.º

A Comisión 4.ª, Educación e Cultura, na reunión do 21 de marzo de 2012, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 08/PNC-2087(71083)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre a inclusión dos estudantes de ensinanzas artísticas superiores nas convocatorias de axudas complementarias ás achegadas pola Unión Europea no marco dos programas europeos de mobilidade universitaria

BOPG núm. 553, do 05.10.2011

- 08/PNC-2348(76719)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rego González, Ismael

Sobre a dotación dos medios materiais e humanos precisos ao Colexio de Educación Infantil e Primaria de Covas, no concello de Viveiro, para garantir aos seus alumnos un ensino equitativo e de calidade

BOPG núm. 637, do 10.02.2012

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2012

Francisco Xulio Cerviño González

Vicepresidente 2.º

A Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo, na reunión do 23 de marzo de 2012, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 08/PNC-2307 (75833)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad, e tres deputados máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa demora acumulada pola Consellería do Mar no pagamento de subvencións, axudas ou convenios con particulares e entidades do sector pesqueiro e marisqueiro

BOPG núm. 624, do 24.01.2012

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2012

Francisco Xulio Cerviño González

Vicepresidente 2.º

## 5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

### 5.4. Consello de Contas de Galicia

#### Recomendacións aprobadas relativas ao Plan anual de traballo do Consello de Contas para o ano 2012

A Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, na reunión do 23 de marzo de 2012, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación das recomendacións:

- 08/CPAT-0004(75394)

Consello de Contas de Galicia

Plan anual de traballo do Consello de Contas para o ano 2012

BOPG núm. 630, do 01.02.2012

Recomendación núm. 1

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a continuar aproximando os informes da Conta Xeral ao exercicio en curso, con independencia da presentación dos restantes informes de fiscalización selectiva.

Recomendación núm. 2

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a manter con carácter periódico o Informe sobre a actividade económico-financeira das entidades públicas dependentes da Administración xeral da Comunidade Autónoma, presentado por vez primeira no exercicio de 2006.

Recomendación núm. 3

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a realizar unha análise temporal das fontes de financiamento nos organismos públicos enmarcados no perímetro de consolidación previsto nos orzamentos, con detección de posibles supostos de sobrefinanciamento ou excesos de tesourería.

Recomendación núm. 4

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas á fiscalización de procedementos de incorporación do persoal en organismos públicos e a súa adecuación (número e funcións) á actividade das respectivas entidades, analizando un período temporal razoable que permita ver a evolución deste persoal.

Recomendación núm. 5

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a realizar unha análise da evolución temporal do endebedamento da denominada administración institucional en termos de contabilidade nacional, da súa razoabilidade e da súa sostibilidade.

Recomendación núm. 6

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a analizar e informar sobre os prazos medios de pagamento a provedores por parte da Xunta de Galicia e das súa sociedades, nos traballos anuais de fiscalización do conxunto do sector público autonómico.

Recomendación núm. 7

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a facer unha análise e un informe sobre os procedementos negociados sen publicidade utilizados pola Administración autonómica no seu funcionamento e contratación de obras e servizos, pola especial incidencia en aspectos relevantes como a

transparencia e a igualdade de oportunidades para provedores, pequenas e medianas empresas.

Recomendación núm. 8

O Parlamento de Galicia insta o consello de Contas a presentar un informe do grao de cumprimento por parte das administracións públicas galegas das recomendacións feitas polo órgano fiscalizador durante os últimos tres anos a partir das fiscalizacións realizadas de xeito anual.

Recomendación núm. 9

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas, na súa tarefa anual, a incluír no ámbito das entidades locais a fiscalización dos entes ou organismos dependentes das deputacións provinciais.

Recomendación núm. 10

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a incluír na fiscalización da conta do Sergas a avaliación dos procesos de contratación de subministracións e tecnoloxía dos centros hospitalarias pertencentes á rede do Servizo Galego de Saúde.

Recomendación núm. 11

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a ampliar na súa tarefa anual unha análise pormenorizada da dimensión do sector público institucional, e máis concretamente a avaliación da razón de ser de cada unha das entidades públicas instrumentais, o cumprimento ou non dos fins para que os que foron creadas e a orixe do seu financiamento.

Recomendación núm. 12

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a elaborar un informe específico sobre a incorporación de criterios sociais, ambientais e de xénero na contratación do sector público de Galicia.

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2012  
Francisco Xulio Cerviño González  
Vicepresidente 2.º



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727